



Recomendación dirixida ao Concello de Camariñas para que se declare a caducidade do expediente de reposición da legalidade urbanística nº 619/2016, de data 27/10/2016, e se incoe un novo expediente que deberá tramitarse coa maior celeridade e resolver cunha resolución expresa, motivada e notificada.

Expediente: B.9.Q/16946/18

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2018

Sra. alcaldesa:

Recibido o seu escrito no que nos dá resposta á nosa petición de información en relación co escrito de queixa presentado por don [REDACTED], deducimos que o expediente de reposición da legalidade urbanística, incoado por Decreto da Alcaldía nº 619/2016, de data 27/10/2016 caducou polo que se considera necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese concello a seguinte recomendación:

“Que se declare a caducidade do expediente de reposición da legalidade urbanística incoado por Decreto de Alcaldía nº 619/2016, de data 27/10/2016, e se incoe un novo expediente que deberá tramitarse coa maior celeridade e resolver cunha resolución expresa, motivada e notificada aos interesados co ofrecemento dos oportunos recursos”.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Reciba un atento saúdo.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo